



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 29 DE SETEMBRO DE 2021

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00043293L.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2021/00043109L.

Solicitud de participación no plan provincial POS+ Adicional 2/2021 2ª Fase investimentos do plan complementario POS+ 2021.

Acórdase:

1. Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade; solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións.

-Investimentos financeiramente sostibles 2ª fase POS + Adicional 2/2021. Pavimentación de viarios secundarios en Verdía Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Vilvestro, a Curuxeira e Aríns. Financiamento Deputación: 117.992,47 euros, o orzamento total.

-Maior achega provincial asignada o concello: 572.358,96 euros.

-Maior achega provincial aplicada na 1ª fase: 454.366,49 euros.

-Maior achega provincial aplicada na 2ª fase: 117.992,47 euros.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións,

achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3. COMERCIO. Referencia: 2021/00043172J.

Solicitud de subvención ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para o financiamento do PROXECTO COMMARKET SANTIAGO.

Acórdase:

1. Aprobar o Proxecto COMMARKET SANTIAGO, por un orzamento de 639.789,88 euros.

orzamento:

2. Solicitar ao Ministerio de Industria, comercio e Turismo unha subvención de **575.810,89** euros para o cofinanciamento do desenvolvemento do Proxecto COMMARKET SANTIAGO.